

AQUESTO FOI EN GALIZA

CANTIGAS ARREDOR DA EUCARISTÍA

GRUPO DE MÚSICA ANTIGA 1500



O programa proposto presenta unha visión alternativa aos repertorios máis coñecidos, de uso litúrxico directo, para a Eucaristía. O seu núcleo central fórmanno unha serie de cantigas narrativas de Santa María que teñen no momento culme do rito, isto é, a consagración da Ostia e o viño, o cerne da súa historia. Atopamos así miragres tan singulares como o daquel párroco (cantiga 225) que bebe dun cáliz onde flotaba unha araña, que é liberada do seu corpo por intercesión da Virxe. Este miragre debeu de ser relativamente popular na época pois aparece recollido en dúas cantigas. Outro enfoque diferente presenta a cantiga 208 que nos fala dun apicultor, que era mal cristián. Neste caso pretende valer-se dun suposto poder taumatúrxico da Ostia xa consagrada para aumentar a produción de cera e mel das súas abellas, e atopará unha curiosa sorpresa ao abrir a colmea onde a depositou. Algo similar conta a cantiga 104, que fala dunha muller de Caldas de Reis, que pretendeu aproveitar o suposto poder curativo da Ostia para devolverlle o «siso» ao seu home. A cantiga 149, por contra, refire o caso dun crego alemán, fervoroso devoto de Santa María, pero que ten serias dúbidas na transubstanciación.

Este repertorio estará enriquecido con outras pezas medievais ou de finais do século XV, de carácter relixioso, como é o caso dun fermoso *Agnus Dei* tropado, do códice das Huelgas, ou un dos primeiros *Ave Verum* polifónicos debidos a Francisco de Peñalosa, xunto con pezas instrumentais e vocais tomadas do famoso códice de Montepellier. Por último, e dado o marco onde se interpretará o concerto, pareceunos indicado incluír tamén a famosa cantiga 77, que narra a intercesión da Virxe na Catedral de Lugo a prol daquela pobre muller que «avia tolleito o mais do seu corpo e de mal encolleito».

AS PEZAS

Introducción

Neuma-Alle psallite

Anónimos, s. XIII (CM)

Os mirages de Santa María e outras pezas eucarísticas

CSM208 Aquele que ena Virgen

Obradoiro de Alfonso X, s. XIII (Cant)

CSM104 Nunca ja pod'a Virgen

Obradoiro de Alfonso X

CSM225 Muito bon miragr'a Virgen

Obradoiro de Alfonso X

Agnus Dei-Regula moris

Anónimo, s. XIII (CH)

CSM149 Fol é a desmesura

Obradoiro de Alfonso X

CSM77 A que Deus mamou

Obradoiro de Alfonso X

Ave verum corpus natum

Francisco de Peñalosa, c. 1470-1528

Final: en loor de Santa María

CSM 330 Qual é a santivigada

Obradoiro de Alfonso X

FONTES

CM: Códice de Montpellier, s. XIII

Cant: Cantigas de Santa María, varios manuscritos, s. XIII

CH: Códice das Huelgas, s. XIV

INTÉRPRETES

María Giménez voz e percusións

Belén Bermejo voz, órgano portativo

Víctor Blanco guitarra renacentista, arpa

Roberto Santamarina fídulas

Andrés Díaz viola de man, frautas. Dirección



O GRUPO

O grupo 1500 dirixido por Andrés Díaz, é unha formación vocal e instrumental adicada á interpretación da música antiga. O seu repertorio comprende dende a música composta nos séculos centrais e finais da Idade Media, até a música do Renacemento e primeiro Barroco, tomando como referente central o ano 1500 que dá nome ao grupo. Os e as compoñentes de 1500 contan cunha ampla traxectoria concertística, sendo membros ou colaborando con outras formacións de ámbito nacional e internacional (Martin Codax, Resonet, Malandança, Vox Stellae, Il Combattimento, Fía na Roca, Vai Trío, Pres de Cambrai, Silva de Sons, Ensemble Rosarum Flores Austria) e teñen ofrecido numerosos concertos en Galiza, España e no resto de Europa.

Na interpretación e elaboración dos diferentes programas, o grupo busca o máximo rigor histórico e conceptual, empregando nas súas interpretacións, un amplo repertorio de instrumentos medievais e renacentistas. Ademais da súa actividade concertística, o grupo de Música Antiga 1500 desenvolve outro tipo de proxectos relacionados coa música, dende a súa concepción e deseño, até a súa execución: bandas sonoras para audiovisuais e teatro (1500 prestou a banda sonora para a curta *Cadea Perpetua* ou o documental *O mariscal*), concertos, obradoiros e materiais didácticos

para centros de ensino, conservatorios e escolas de música. Dende a súa fundación, o grupo ten ofrecido un gran número de concertos nos máis diversos escenarios en Galicia, España e Europa: Festival Espazos Sonoros nas súas edicións 2008 e 2012, a Festa da Istoría de Ribadavia, Ciclo de Músicas na Compañía, Ciclo de órgano de Xunqueira de Ambía, Semana Santa de Foz, Semana Santa de Ourense, Museo de Belas Artes da Coruña, Festival Internacional de Músicas da Itinerancia de Compostela, Música nas Ruínas de Pontevedra, Festa da Arribada de Baiona, Ciclo Monumenta, Igrexa de San Paulo de Narbona (Francia), Aste Nagusia de Bilbao, ciclo de concertos da Ribeira Sacra ou o ciclo As notas do pemento, en Herbón.

Recentemente foi convidado para actuar na clausura das celebracións, en Compostela, do VIII centenario da peregrinación de San Francisco e formou parte do programa do I Ciclo de órgano de Vilanova de Famalicão (Portugal), o Festival Pórtico Sonoro, o ciclo Nexos da Cidade da Cultura e o festival de Música Antiga de Loulé, no Algarve. No vindeiro ano, ten prevista unha xira en Austria e Norte de Italia, na que actuará na Catedral de Innsbruck, no día da celebración da festividade de Santiago o Maior.

www.grupo1500.es



OS INSTRUMENTOS

- *Frutas renacentistas alto en fa, tenor en do*. Modelo Hies do Kunsthistorisches Museum de Viena, s. XVI. Paul Richardson (Madrid, 2000-2001)
- *Fruta renacentista alto en sol*. Modelo Ganassi, s. XVI. Yoav Ran (Israel 2008)
- *Guitarra renacentista de 4 ordas*. Modelo de Melchior Dias c. 1585. Stephen Murphy (Mollans sur Ouvèze, 2002)
- *Viola de man de 6 ordas en sol*. Diversas fontes do s. XVI. José Ángel Espejo (Madrid, 2001)
- *Arpa tardo gótica*, baseada en cadros de Hans Memling c.1480. Reinhard Thureau (Wiesbaden, 2010)
- *Vihuela de arco*, baseada nun fresco austríaco, c.1520. Ander Arroitajáuregui (Eibar, 2008)
- *Órgano portátil*, baseado en diversos cadros de Hans Memling c. 1480. Helmut Kuen (Innsbruck, 2007)

AS LETRAS

Alle psalite cum luya

Alle concre pando
psalite cum luya
Alle cor devoto Deo toto
psalite cum luya

Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo fillou
ja per ren non pode seer nenllurr ascondudo.

Ca assi como dos ceos deceu e que foi fillar
carne da Virgen mui santa por sse nos ben amostrar
de com' era Deus e ome, esto non é de negar,
ca macar sej' o seu corpo en qualquer logar metudo.

Ond' avêo en Tolosa, en que soía aver
eréges de muitas guisas, que non querían creer
nen en Déus nen en sa Madre, ante de chão dizer
ían que quen os creía, que o davan por perdido.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...

E macar esto dizían, as missas ían oír
e as óras enas féstas, segund' oí departir,
e demais ar comungavan por se mellor encobrir;
e o que assí fazían, tiinnano por sisudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...

Onde foi en ùa Pascoa que un deles comungou
e fillou o Córpus Crísti, mais per ren nono passou,
e tod' inteiro com' éra ena boca o levou;
e esto fez mui cobérto, que lle non fosse sabudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...

E pois chegou a sa casa, foi atal sa entençon
de deitá-l' en algún lógo mao; e como felôn
foi correndo muit' aginna a un séu órto, e non
coidou que o nengún visse nen ên foss' apercebudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...

E en ùa sa colmẽa o deitou e diss' assí:
"Abellas, comed' aquesto, ca éu o vinno beví;
e se vós obrar sabedes, verei que faredes i".
E des i foi-se mui lédo o traedor descreúdo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...

E quando chegou o tempo que aas colmêas van por fillar o fruto delas, foi el lóg' alá de pran veer as súas e disse: "Verei que óbra feit' an na óstia as abellas". E entôn com' atrevudo *Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...*

Abriu mui tóst' a colmêa e ùa capéla viu con séu altar estar dentro, e a omagen cousiu da Virgen cono séu Fillo sobr' ele, e ar sentiu un odor tan saboroso que lógo foi convertudo, *Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...*

E foi corrend' ao bispo e confessou-se-lle ben, e contou-l' este miragre, que sól non l' ên leixou ren, ant' a crezezia toda. E o bispo fez bon sen e mandou assuar tóste o póblo grand' e mèudo. *Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...*

E con grandes precissões foron e dando loor aa Virgen groriosa, Madre de Nóstro Sennor; e cataron a colmêa, e pois viron o lavor, deitou-s' o póblo en terra a prézes tod' estendudo. *Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...*

E repentiron-se muito e ar choraron assaz, loando Santa María que muitos miragres faz con séu Fillo Jesú-Cristo, e adusséron en paz aa Sée a capéla, por que fosse mais sabudo. *Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo...*

Nunca ja pod'aa Virgen ome tal pesar fazer como quen ao seu fillo Deus coida escarnecer.

E o que o fazer coida, creed' aqesto por mi, que aquel escarno todo á de tornar sobre si. E daquest' un gran miragre vos direi eu oy que fezo Santa Maria; oydemio a lezer.

Aqesto foi en Galiza non á i mui gran sazôn, que ùa sa barragãa ouve un escudeirôn; e por quanto s' el casara, tan gran pesar ouv' entôn, que con gran coita ouvéra o siso end' a perder. *Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...*

E con gran pesar que ouve foi séu consello buscar enas outras sas vezinnas, e atal llo foron dar: que sól que ela podésse ùa óstia furta das da eigreja, que lógo o podería aver, *Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...*

Pois que lle tal ben quería. E ela tóste, sen al, foi-se a ùa eigreja da Virgen espirital, que nas nössas grandes coitas nos guarda sempre de mal, e diss' entôn que quería lógo comoion prender. *Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...*

E o crérigo sen arte de a comungar coidou; mai-la óstia na boca aqesta mollér guardou, que per neña maneira nona trociu nen passou, e punnou quanto mais pode de se dalí lógu' erger. *Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...*

Pois que saíu da igrexa, os dedos entón meteu
ena boca e tan tóste tirou-a end' e odeu
a óstia ena touca; e nada non atendeu,
ante se foi muit' aginna por probar est' e veer
Nunca ja pód' aa Virgen | óme tal pesar fazer...

Se lle disséran verdade ou se lle foran mentir
aquelas que lle disséran que lle farían viir
lóg' a ela séu amigo e ja mais nunca partir
dela se ja podería, e de con ela viver.
Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...

E entrant' a ùa vila que dizen Caldas de Rei,
ond' aquesta mollér éra, per com' end' éu apres' ei,
avêo ên mui gran cousa que vos óra contarei;
ca lle viron pelas toucas sangue vermello correr.
Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...

E a gent' entón dizía, quando aquel sangue viu:
“Di, mollér, que foi aquesto, ou quen te tan mal feriu?”
E ela maravillada foi tanto que est' oiu,
assí que nunca lles soube niúa ren responder.
Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...

E pos a mão nas toucas, e sentiu e viu mui ben
que éra sangue caente, e disso assí porên:
“A mi non me feriu outre senôn queno mundo ten
en séu poder, por grand' érro que me ll' éu fui merecer”.
Nunca ja pód' aa Virgen | óme tal pesar fazer...

Entón contou-lles o feito, tremendo con gran pavor,
todo como ll' avêera; e déron porên loor
todos a Santa María, Madre de Nóstro Sennor,
e a séu Fillo bêeito, chorando con gran prazer.

Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...
A mollér se tornou lógo à igrexa outra vez,
e deitou-s' ant' a omagen e disse: “Sennor de prez,
non cates a méu pecado que mi o démo fazer fez”.
E lóg' a un mōesteiro se tornou monja meter.
Nunca ja pód' aa Virgen óme tal pesar fazer...

Muito bon miragr'a Virgen faz estranno e fremoso
porque a verdad' enteno neicio perfioso.

E daquest' un gran miragre vos será per mi contado
e d'oir maravilloso, pois oydeo de grado,
que mostrou a Santa Virgen, de que Deus por nos foi donado,
dentro de Ciudad Rodrigo. E é mui maravilloso.
Ontr' os outros que oístes, e tenn' éu que atal éste
o que vos contarei óra que avêo a un prêste
que dizía sempre missa da Madre do Rei celêste;
e porque a ben cantava, éra ên mui deseجو
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

O póblo de lla oíren. Mas un día, sen falida,
ena gran fésta d' Agosto, desta Sennor mui comprida
estava cantando missa; e pois ouve consumida
a Ósti', ar quis o sângui consumir do glorioso
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

Jesú-Crist'. E viu no cáliz jazer ùa grand' aranna
dentro no sângui nadando, e teve-o por estranna
cousa; mais mui grand' esforço fillou, a fóro d' Espanna,
e de consumir-lo todo non vos foi mui vagaroso.

Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...
E pois aquest' ouve feito, non quis que ll' empeeceesse
Déus o poçôn da aranna nen lle no córpõ morresse;
e pero andava viva, non ar quis que o mordesse,
mas ontr' o coir' e a carn' ía aquel bestigo astroso.
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

E andava muit' aginna pelo córp' e non fazia
door nen mal, por vertude da Virgen Santa María;
e se s' ao sól parava, lóg' a aranna viã,
e mostrando-a a todos dizend': "O Rei piadoso
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

Quis que polos méus pecados aqueste marteir' ouvésse;
porên rógo aa Virgen que se a ela prouguésse,
que rogass' ao séu Fillo que cedo mi a mórte dêsse
ou me tolless' esta coita, ca ben é ên poderoso".
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

Esta aranna andando per cima do espinnaço
e depois pelos costados e en dereito do baço,
des í ía-ll' aos peitos e sól non leixava braço
per que assí non andasse; e o córpõ mui veloso
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

Avía esta aranna. E un día, el estando
ao sól, óra de nõa, foi ll' o braç' escaentando,
e el a coçar fillou-s' e non catou al senôn quando
lle saiu per so a unlla aquel poçôn tan lixoso.
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

E tan tóste que saída foi, o crérgo fillou-a
e fez lógo dela póos e en sa bolssa guardou-a;
e quando disse sa missa, consumiu-a e passou-a,
e disse que lle soubéra a manjar mui saboroso.

Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...
As gentes que í estavan, quand' ouvéron esto visto,
loaron muito a Madre do Santo Rei Jesú-Cristo;
e des alí adeante foi o crérgo por isto
mui mais na fé confirmado, e non foi luxurioso.
Muito bon miragr' a Virgen faz estranno e fremoso...

Agnus Dei qui tollis peccata mundi

Regula moris,
mater honoris,
Virgo pudica.
Miserere nobis.

Agnus...
Respice flentes,
perface mentes,
mater amica.
Miserere...

Agnus...
Luget aperte
mortua perte,
mors inimica.
Da nobis pacem.

Fol é a desmesura quen dulta que tornada a Ostia sagrada non é en carne pura.

Mas, como cuidar deve, null' ome que non possa a Ostia ser carne, pois que Deus quis a nossa prender e seer ome e resurgir da fossa, por seu poder tod' esto que é sobre natura?

E porende vos quero desta razón un preito contar que ei oído mui pouc' á e retreito; e creio que terredes por estrann' end' o feito primeir' e pois encima por fremos' aventura.
Fól é a desmesura...

En térra d' Aleimanna un crérigo avía que amava mais d' outra cousa Santa María, assí que a sa missa cantava cada día; mas eno Sacramento dultava con loucura.
Fól é a desmesura...

Dest' a Santa María, cada que el cantava sa missa, mui de rijo chorando lle rogava que o cérto fezésse daquelo que dultava, assí que non morresse ende cona rancura.
Fól é a desmesura...

Onde assí ll' avêo que un sábad', estando na missa, e sagrara a Óstia dultando, tolleu-xe-lle de vista; e por ela catando, viu a que de Déus Madre foi per sa gran cordura,
Fól é a desmesura...

Con séu Fillo nos braços, apósta e fremosa. E macar éra béla, foi-ll' a el espantosa, e tremend' el lle disse: "Ai, Sennor groriosa, se a Óstia têes, dá-mia por ta mesura".
Fól é a desmesura...

Ela lle respôs lógo; "Óme de mal ciente, este que tenn' en braços é essa vèramente a Óstia que sagras, de que non és creente porque a ti semella que de pan á fegura.
Fól é a desmesura...

Mas pero o revólves e tanges con tas mãos, creendo que pan éste, este polos crischãos recebeu na cruz mórte que judéus e pagãos lle déron desonrrada por dar a nós folgura.
Fól é a desmesura...

Est' é o que tu comes, onde fazes tres partes, e beves do séu sangue, ond' é ben que te fartes; e quen cree ben esto, o démo nen sas artes nunca lle terrán dano, se en elo atura.
Fól é a desmesura...

Est' é o que tu alças e baixas e descóbres, que quiso seer póbre | por requentá-los póbres no séu reino do Céu | e fazê-los i nóbres mui mais que nulla outra | que seja creatura.
Fól é a desmesura...

E pero semellança an de pan e de vinno, esto quer Déus que seja polo óme mesquinno, que terría por crúa cousa comer mininno ou beber de séu sangue, ca non é apostura".

Fól é a desmesura...

Quando ll' est' ouve dito, viu a Óstia lógo
e comeu-a chorando aquel préste moógo;
des i non viu a Virgen, mais disse-ll': "éu te rógo,
Sennor, que me tu léves desta cárcer escura

Fól é a desmesura...

E que veja no Céu a ta face velida".
E dalí adeante en creenç' e en vida
foi tal, que pois ll' a alma do córpo foi saída,
dos ángeos levada foi suso na altura.

Fól é a desmesura...

A que Deus mamou leite do seu peito
non é maravilla de saar contreito.

D'esto fez Santa Maria miragre fremoso
en sa igrejá en Lugo, grand' e piadoso,
por hua muller que avia tolleito
o mais do seu corpo e de mal encolleito.

Que amba-las súas mãos assí s' encolleran,
que ben per cabo dos ombros todas se meteran,
e os calcannares ben en séu dereito
se meteron todos no córpo maltreito.

Da que Déus mamou o leite do séu peito...

Pois viu que lle non prestava nulla meezinna,
tornou-s' a Santa María, a nóbre Reínna,
rogando-lle que non catasse despeito
se ll' ela fezéra, mais a séu proveito

Da que Déus mamou o leite do séu peito...

Parasse mentes en guisa que a guarecesse,
se non, que fezéss' assí per que cedo morresse;
e lógo se fezo levar en un leito
ant' a sa igreja, pequen' e estreito.

Da que Déus mamou o leite do séu peito...

E ela alí jazendo fez mui bõa vida
trões que ll' ouve mercee a Sennor comprida
eno mes d' agosto, no día 'scolleito,
na sa fésta grande, como vos retreito

Da que Déus mamou o leite do séu peito...

Será agora per min. Ca en aquele día
se fez meter na igreja de Santa María;
mais a Santa Virgen non alongou preito,
mas tornou-ll' o córpo todo escorreito.

Da que Déus mamou o leite do séu peito...

Pero avêo-ll' atal que alí u sãava,
cada un nembro per si mui de rij' estalava,
ben come madeira mui seca de teito,
quando s' estendía o nervio odeito.

Da que Déus mamou o leite do séu peito...

O bispo e toda a gente deant' estando,
veend' aquest' e oínd' e de rijo chorando,
viron que miragre foi e non trasgeito;
porende loaron a Virgen afeito.

Da que Déus mamou o leite do séu peito...

Ave verum corpus, natum

De Maria Virgine,
Vere passum, immolatum
In cruce pro homine,
Cujus latus perforatum
vere fluxit sanguine,
O clemens, O pie,
O Iesu, Fili Mariae
Miserere nobis.

Qual e a santivigada

ant' e depois que foi nada?
Madre de Deus nostro sennor
De Deus nostro sennor
E Madre de nosso Salvador.

A qual diss' "Ave María"
Gabriel e que seria
Madre de Deus...

Qual é a que sen mazela
pariu e ficou donzela?
Madre de Deus...

En qual per sa omildade
s'enserrou a Triidade?
Madre de Deus...

Qual é a que sempre boa
foi e dos santos coroa?
Madre de Deus...

Qual é a que per seu siso
nos fez aver paraíso?
Madre de Deus...